Valedor do Pobo
Galicia

INFORME DO VALEDOR DO POBO AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2009

1.3 ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

1.3.1 INTRODUCIÓN: OS ABUNDANTES PROBLEMAS OCASIONADOS POLA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Como outros anos, seguen sendo abundantes as queixas fundadas por ruídos, sobre todo as relacionadas con zonas contaminadas por saturación ou concentración de locais, polo ruído na rúa asociada ao botellón ou aos locais, ou por establecementos de ocio considerados individualmente. Do exame das queixas dedúcese que na maioría das ocasións os afectados tiñan sobrados motivos para a reclamación e sobre todo para mostrar o seu desgusto co inadecuado tratamento municipal das súas denuncias. Desgraciadamente aínda é frecuente encontrar concellos que non actúan adecuadamente e con iso non fan valer as garantías legais dos cidadáns. A pesar dalgúns avances, moitos seguen sen abordar este tipo de problemas, ou non o fan coa dilixencia ou eficacia desexables, en especial en relación coas concentracións de locais ruidosos ou zonas saturadas.

Detectamos que entre os que este ano non realizaron un adecuado tratamento da cuestión se encontran Boiro, Oroso, Tui, A Estrada e Melide. Os tres primeiros casos destacan non só pola falta de dilixencia de eses concellos á hora de abordar os graves e abundantes problemas en materia de protección do dereito fundamental a intimidade persoal e familiar domiciliaria perturbada pola contaminación acústica noturna, senón tamén pola súa persistente actitude de non facilitar o labor de investigación desta institución á hora de recibir toda a información precisa, como describimos en detalle na seguinte aliña.

Estas situacións veñen acompañadas de graves prexuízos para as vítimas, expostas a altos niveis de contaminación acústica. Os ruídos noturnos perfectamente evitables traen como consecuencia a aparición de cadros de angustia. Penetran nos domicilios de maneira inxustificada e sen que a administración interveña eficazmente para corrixilos, a pesar de que na maioría dos casos resultaría fácil.

As fontes máis comúns do ruído noturno son as aglomeracións de persoas na rúa e os locais ruidosos, xa se encontren concentrados en determinadas zonas ou situados illadamente. Moitos non teñen licenza ou funcionan cunha que non lles permite realizar a

súa actividade. Outros fano cun nivel de ruído por riba do establecido, ou permiten o consumo na rúa do que eles mesmos venden.

Como vimos resaltando desde hai moito tempo, desatender esta materia supón a conculcación de dereitos fundamentais, como o que garante a intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (artigo 18.1 e 2 CE), ou outros dereitos constitucionais, como os que pretenden protexer ou preservar a saúde (artigo 43.1 CE), ou o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (artigo 45.1 e 2 CE). Son abundantes as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que así o recoñecen, como tamén as que noutras ordes recollen esta doutrina legal e pretenden protexer de forma incondicionada o dereito das persoas a non ser perturbadas desproporcionadamente no seu descanso domiciliario. Son numerosas as condenas penais que afectan a promotores de actividades ou responsables municipais por actuacións contaminantes por ruídos, como tamén as condenas por responsabilidade patrimonial da administración debido a abstencións inxustificadas ou a malas prácticas neste ámbito, condenas pecuniarias que desgraciadamente *pagamos todos*; as vítimas, por anticipado, ao teren sido gravemente prexudicadas e non teren máis remedio que acudir á vía xudicial, e o resto dos cidadáns, pola vía orzamentaria.

En relación co *botellón*, tanto a lei do ruído coma os decretos autonómicos de contaminación acústica resultan instrumentos legais suficientes como para intervir contra os seus efectos máis perniciosos. Obsérvase que agora os concellos parecen dispostos a intervir para solucionar este problema, co que progresivamente se dá efectividade a unha conclusión expresada por esta institución desde hai tempo. Efectivamente, á parte doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polo ruído xerado, que noite tras noite impide o descanso dos residentes. As administracións, e fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, en principio suficientes.

Polo que se refire ás chamadas *zonas contaminadas ou saturadas por acumulación de ruídos*, resulta preciso insistir en que as medidas a aplicar deben ser as adecuadas para a solución eficaz do problema, descartando as medidas que se limitan a non

agravalo. O artigo 12.2 do Decreto autonómico 320/2002 prevé a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas, dentro do ámbito de competencias municipais, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos. Sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se encontra obrigado a conducirse de cara a ese fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. A doutrina legal maniféstase nesta liña nas sentenzas do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, ou do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999. A segunda resolve que a prohibición de outorgar novas licenzas de funcionamento resulta insuficiente ou ineficaz para o fin último perseguido, a preservación dos dereitos ata entón conculcados.

Algunhas cidades declararon determinadas rúas ou zonas como contaminadas ou saturadas por ruídos, en ocasións como resposta positiva a recomendacións desta institución, recoñecendo con iso que o nivel de ruído soportado polos afectados superaba os niveis legalmente permitidos. Sen embargo, as medidas adoptadas como consecuencia desa declaración non son suficientes, posto que non corrixen a situación irregular declarada oficialmente. Centrar a actuación nunha mera prohibición de novas licenzas, que é o que se adoita facer, resulta claramente insuficiente, aínda que esta medida veña acompañada doutros compromisos inconcretos e igualmente ineficaces.

Tan importante como corrixir as zonas contaminadas é evitar mediante medidas preventivas que se creen ou se consoliden este tipo de situacións gravemente prexudiciais para os veciños, non só en materia de contaminación acústica, senón en case todas as ordes da convivencia (salubridade, limpeza das vías, inseguridade, tráfico, accesos, ...). Non debería esperarse a que se producise o fenómeno para adoptar medidas eficaces, como fan algúns concellos. A actuación preventiva resulta moito máis eficaz e sobre todo máis sinxela e barata. Nesta orde destaca a necesidade de evitar a presenza ou consolidación de zonas contaminadas pola vía de consentir ou legalizar locais sen licenza ou con licenzas non adecuadas, fundamentalmente porque funcionan como locais ruidosos sen ter licenza para música e horario amplo. Supostos deste tipo detéctanse con frecuencia nas cidades ou vilas con zonas contaminadas ou saturadas, razón pola que reclamamos que o concello

realice un exhaustivo labor de detección das circunstancias formais dos locais e despois obrigue os que se encontran en situación ilegal a pechar ou a axustar a súa actividade real ao permitido pola súa licenza, co que se reduciría de forma considerable o problema que tratamos, é dicir, a contaminación por saturación. Este é un labor insistentemente reclamado de concellos como Boiro, Oroso ou Vigo, obrigación legal que sen embargo non atenderon ou polo menos non aclararon.

Moitos dos problemas que se acreditan nas zonas contaminadas ou saturadas teñen que ver non só coa actividade dos locais, senón tamén co ruído na rúa relacionado coa súa actividade. Con frecuencia os propietarios permiten o consumo na vía pública. Adoitamos recordar aos concellos que o artigo 12 do Decreto 320/2002 sinala que *os titulares dos establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente a policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no devandito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados...* Este tipo de prácticas son motivo de queixa fundada en Boiro ou Baiona.

Un aspecto fundamental á hora de abordar os problemas de contaminación acústica é o respecto dos horarios dos establecementos. En diferentes informes anuais sinalamos a necesidade de resolver a falta de carácter disuasorio das sancións, a caducidade de moitos expedientes sancionadores, e a falta de comprobación de moitas das infraccións que se producen.

Os problemas relacionados con locais individualmente considerados normalmente derívanse do seu funcionamento sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen, da transmisión de ruídos ás vivendas por deficiencias na insonorización ou pola utilización dun volume superior ao permitido, ou da falta de comprobación de ruídos por parte dos concellos ou a súa comprobación inadecuada. A comprobación de todas as circunstancias citadas é unha función municipal que en ocasións non se atende con dilixencia, como o demostran as numerosas queixas que se coñecen por estes motivos.

1.3.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de medio ambiente no ano 2009 foi de 178, ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	178	
Admitidas	134	75 %
Non Admitidas	39	22 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	5	3 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	58	43 %
En trámite	76	57 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2008	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2009
2001	1	0	1	1	0
2004	1	0	1	1	0
2007	17	2	19	12	7
2008	86	0	86	70	16

1.3.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.3.3.1 Os graves prexuízos ocasionados polo consumo de alcohol na rúa e o seu tratamento

Os ruídos xerados polas concentracións de persoas na rúa a altas horas da madrugada, asociados ao consumo alcohol, resultaron motivo de queixa, aínda que afortunadamente cada vez de forma menos habitual. O denominado *botellón* en determinadas condicións pode conculcar dereitos fundamentais como os xa mencionados (artigo 18.1 e 2 CE), ou dereitos doutra natureza (artigos 43 e 45 CE).

O Decreto 320/2002, de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *será sancionado conforme o establecido neste regulamento* (artigo 26.5). Parece claro que esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. Se algunha dúbida se podía crear con anterioridade respecto á suposta falta de habilitación legal da citada norma, hoxe debe considerarse despexada co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación deste tipo ocasionada polos usuarios da vía pública *en determinadas circunstancias*. Efectivamente, *as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias* (artigo 28.5). Por tanto, os concellos que regulasen a cuestión a través das súas propias ordenanzas deben aplicalas, e nos que non as teñan ou non as reformen para abordar esta cuestión resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo.

A sentenza do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Sevilla), perante o recurso interposto por unha asociación de veciños que denunciaba os problemas dos residentes no centro

histórico de Sevilla polas aglomeracións de mozos consumindo bebidas na rúa ata altas horas da madrugada, causando considerables molestias debido aos ruídos, voces, pelexas, actos vandálicos, etc., impedindo o descanso dos veciños, sinalou que *"se poden adoptar medidas de control adecuadas para evitar o ruído, a venda de bebidas alcohólicas na rúa, a utilización daquela como urinario público, os danos ao espazo público e aos seus elementos, e permitir a libre circulación de persoas e vehículo (...) o recurso debe ser estimado porque á Administración lle incumbe, na súa función de policía, o cumprimento do deber de vixilancia de horarios de peche, emisión de ruídos de bares, vehículos, etc. E do actuado dedúcese certa inactividade que prexudica sen lugar a dúbidas os veciños da zona que han de soportar a incomodidade de acceso ás súas vivendas, exceso de ruídos que impiden o descanso noturno e outras molestias que non teñen o deber xurídico de soportar e que se poden paliar, se a Administración no ámbito da súa competencia non fai abandono da súa función e adopta cantas medidas sexan necesarias para exixir o cumprimento da lei facendo posible que o exercicio dun dereito por parte dun sector de poboación non menoscabe os dereitos dos veciños da zona na que se concentran"*. A sentenza estima o recurso e obriga o Concello de Sevilla a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Os concellos de maior dimensión demográfica de Galicia xa abordaron este problema nas súas ordenanzas ou anunciaron que o farán en breve, como agora comezan a facelo tamén determinadas vilas afectadas por este problema. Con iso dáse efectividade a unha conclusión expresada por esta institución, isto é, que deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen nos veciños afectados, e que a administración local debe intervir para impedilas. Afortunadamente as respostas municipais xa non enfocan o problema de forma elusiva e, acollendo progresivamente os criterios que trasladamos desde esta institución, actúan para corrixir ou reconducir o fenómeno, ou anunciaron medidas inmediatas neste sentido. Despois das reaccións positivas no tratamento do problema da Coruña, Santiago ou Vigo, agora tamén anuncian medidas eficaces Baiona (Q/1030/07) ou O Carballiño (1500/08), que esperamos que as apliquen de forma rápida, posto que os problemas se detectaron hai tempo e as reaccións municipais coñecidas resultaron ata agora demasiado lentas. Nós preocuparémonos por coñecer como se fan efectivos os compromisos.

A positiva disposición dos concellos para abordar este problema xerou algunha queixa promovida polos partidarios de manter as concentracións de persoas na vía pública a altas da madrugada. A policía local da Coruña aplica a ordenanza de convivencia cidadá e require os cidadáns que se concentran *nas zonas de especial protección* que non permanezan agrupados nelas. Os reclamantes opóñense por entenderen que se trata de vulneracións de dereitos constitucionais. Sen embargo, non consta que se desen reclamacións previas pola actuación da policía nin alegacións ou recursos contra a ordenanza. Esta resulta parte integrante do ordenamento en tanto non sexa declarada ilegal polo órgano xurisdiccional competente, polo que non pode ser descoñecida. Ademais, como vimos, o art. 28.5 da lei do ruído habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación deste tipo ocasionada polos usuarios da vía pública *en determinadas circunstancias* (Q/2327, 2330 ou 2471/09).

Tamén coñecemos supostos de ruídos provocados por clientes que consumen fóra dos locais coa aquiescencia dos propietarios, polo que resulta precisa a intervención municipal (artigo 12 do Decreto 320/2002). Este tipo de prácticas son motivo de queixa en numerosas ocasións, como por exemplo as que coñecemos en Boiro (Q/955/06, Q/417/07 e Q/1171/08), Baiona (Q/1056 e 2512/08) ou A Estrada (Q/434/09).

1.3.3.2 As localidades con graves problemas de contaminación acústica sen tratamento adecuado

Unha causa de abundantes problemas é a concentración de locais nunha determinada zona. A declaración de *zonas contaminadas ou saturadas por acumulación de ruídos* permite aos concellos establecer as *medidas oportunas* e a súa aplicación resulta común, aínda que se aplica dunha forma que non responde en todo aos obxectivos legais, sobre todo porque os concellos adoitan limitarse a prohibir novos locais. Esta medida resulta insuficiente se non vai acompañada doutras máis restritivas que permitan diminuír o nivel de ruído xa constatado.

Ademais, os concellos deben ter presente que a medida non só arbitra un medio para corrixir as consecuencias prexudiciais das acumulacións consolidadas, senón que tamén supón evitar as acumulacións que aínda non tiveron lugar. Como adiantamos na introdución, tan importante como corrixir as zonas contaminadas é evitar mediante medidas preventivas que se creen ou se consoliden este tipo de situacións gravemente prexudiciais para os veciños. Xa dixemos que un este é un problema sen solventar ou aclarar en Boiro, Oroso ou Vigo.

Este ano, como os anteriores, observamos a presenza deste e doutros problemas de contaminación acústica en Boiro (Q/955/06, Q/417/07 e Q/1171/08), sen que a resposta do seu concello fose adecuada, como tampouco o foi nos anos precedentes. As queixas relativas aos locais e ao ruído na rúa en Boiro veñen avaladas por un numerosísimo grupo de veciños, con centos de sinaturas. Tramítanse desde 2006 e refírense ao elevado número de locais noturnos, o que provoca moitos prexuízos e molestias aos veciños. Sinalan que é común a falta de observancia das normas (horarios de peche, insonorización deficiente, falta de adecuación do uso do local á licenza, clientes consumindo na rúa...). Algúns vense obrigados a marchar da súa casa a fin de semana para poder descansar debido a que o Concello ten unha actitude polo xeral permisiva. Despois de moito tempo o ente local non aclara algunhas circunstancias fundamentais. Sobre todo non menciona se se comprobou de forma exhaustiva o funcionamento dos locais axustado ao previsto na licenza (desde o primeiro día pedíase informe *sobre a adaptación da actividade á licenza de cada un dos que a teñan, en especial, sobre a non utilización de música e horarios amplos dos simples cafés ou bares*). En ningún caso se menciona a comprobación do ruído na rúa e as intervencións ao respecto, aspecto este sobre o que se pediu informe tamén desde o primeiro día (en setembro de 2006 expresamente requiríase información *sobre a presenza de persoas consumindo ás portas dos locais, en contra do previsto no Decreto 320/2002*).

Como puxemos de manifesto, resulta fundamental o labor de comprobación do axuste da actividade real dos establecementos ao habilitado nas respectivas licenzas. En setembro de 2008 o ente local comprometérase *a levar a cabo a comprobación fáctica de que os locais relacionados, así como outros sitos fóra desta zona, adaptan as súas actividades e instalacións ás súas condicións previstas nas licenzas das que dispoñen;*

estas actuacións levarán entre 2 e 3 meses, e do seu resultado daráselle conta no seu momento a esa institución. Non chegou a facelo despois de moito máis tempo, polo que se advertiu de que se non se recibía a información pendente, o asunto podería remitirse ao Ministerio Fiscal. A resposta recibida entón de novo referíase a aspectos parciais e deixaba sen aclarar algúns que desde o primeiro momento se consideraban fundamentais, como a comprobación exhaustiva do axuste dos locais ao habilitado na súa licenza, as medidas adoptadas para evitar o funcionamento irregular constatado polo propio Concello no caso de algúns locais, ou a intervención ante o ruído na rúa. En aplicación do previsto no artigo 23 da Lei do Valedor do Pobo acudimos persoalmente ao Concello para finalizar definitivamente a fase informativa sen máis demoras (levabamos con ela varios anos). Co fin de que o Concello comprendese definitivamente cales eran as obrigacións pendentes en relación coa queixa dos interesados, durante máis de catro horas explicámoslle que todo o que se pretendía coñecer desde hai tempo resultaba un *prius* para tratar o problema de acordo co previsto no ordenamento xurídico. Efectivamente, sinalabámoslle o mencionado para casos de ruído na rúa ou concentración de locais molestos ou de aparente saturación. Co atraso desta primeira fase do tratamento do problema, a pesar do sinxelo do labor, atrásanse tamén as medidas para solucionalo, o que estaría ocasionando un prexuízo considerable, segundo nos manifestaban algúns interesados.

Como vimos, os criterios previstos no ordenamento sectorial vixente foron transmitidos con ocasión de non poucas queixas similares a outros concellos galegos, como consta neste e noutros informes do Valedor do Pobo. Sen embargo, a actitude do Concello de Boiro foi diferente á mostrada por esoutros concellos, que, con maior ou menos esforzo pola nosa parte, confirmaron a situación, en primeiro lugar, e aceptaron, polo menos formalmente, o enfoque básico que se lles trasladou para analizar e resolver o problema de acordo co establecido no ordenamento. Na súa última resposta o Concello tampouco aclaraba o relativo ao axuste dos locais á súa licenza. Ante esa nova negativa implícita a comprobar de forma exhaustiva tal cousa e a corrixir o que no seu caso fose preciso optamos por entender que este concreto aspecto da queixa se encontraba en situación de ilegalidade polo menos parcial, e optamos por formular o correspondente recordatorio de deberes legais. Tamén formulamos outros recordatorios de deberes legais en relación con

outras situacións irregulares que non foran abordadas polo concello. En concreto, formulamos 4 recordatorios de deberes legais co seguinte contido:

-Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais non aclaradas no seo do presente expediente en relación á contaminacións acústicas que sofren os numerosos veciños que acudiron a esta institución co fin de que se preserven os seus dereitos fundamentais prexudicados pola actuación ou abstención do ente local, especialmente o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 1 e 2 CE).

-Que en relación co ruído na rúa se dea estrito cumprimento ao establecido nos artigos 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002, de tal forma que non se consuma na rúa o adquirido en locais de ocio ou o adquirido previamente en establecementos comerciais ordinarios (botellón).

-Que en relación cos controis preventivos dos establecementos se determine con precisión e de forma exhaustiva se os numerosos locais obxecto da queixa, mencionados polo propio ente local, axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles na súa correspondente licenza de funcionamento.

-Que, logo de realizar o labor mencionado na aliña anterior e de corrixir os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, se aínda así continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, o que se debería comprobar, entón de inmediato se proceda a declarar a zona como acusticamente saturada, de acordo co previsto no citado artigo, e que se adopten con urxencia todas as medidas adecuadas para reconducir a situación, tamén de acordo co previsto.

Estas resolucións relativas ao fondo do asunto (non xa a aspectos formais, como a reiterada falta de resposta completa e congruente aos numerosísimos requirimentos de información) tampouco foron respondidas en prazo polo Concello, a pesar de que expresan obrigacións legais pendentes de actuacións pola súa parte desde hai moitísimo tempo e de que afectan a dereitos fundamentais. As resolucións enviáronse o 15 de outubro e o Concello non respondeu no prazo legal, un mes, polo que se reiterou o requirimento de

resposta. Ao peche do informe aínda non se recibira. A resposta debe vir referida ao contido dos recordatorios; non se pide xa información, senón unha resposta concreta sobre a aceptación dos recordatorios e sobre a efectividade dada ás medidas demandadas.

A situación en Sigüeiro-Oroso dera lugar a unha anterior queixa promovida por máis de 200 persoas (Q/1126/03). Formulouse unha recomendación (resolución núm. 7 da área de medio ambiente do informe de 2005) á que o Concello da localidade non dera efectividade. Declarábase unha zona como saturada coa única consecuencia de que non se poderían instalar novos establecementos. Esta medida non supoñía ningunha mellora, o que comprobamos cunha nova queixa (Q/1604/07) que destacaba que ao cabo dun tempo considerable permanecía o problema, con locais sen licenza ou que funcionan cunha inadecuada, e en xeral con falta de control dos establecementos por parte do Concello. Recordamos ao Concello de Oroso que non se pecharan os locais sen licenza e que a outros non se lles obrigara a funcionar de acordo coa que tiñan. Con esa sinxela medida de axuste á legalidade, xunto á prohibición de novas licenzas, posiblemente se evitaría a consolidación da zona como contaminada ou saturada de ruídos. Por tanto, confirmouse que a situación non mellorara; os locais *encóntranse tramitando a súa legalización*, é dicir, o Concello de Oroso pretendía consolidar locais nunha zona xa saturada, e nin tan sequera avanzara nesa regularización, que se leva anunciando desde hai anos. A declaración da zona como saturada e a *legalización* resulta contraditoria, posto que en principio non deben outorgarse novas licenzas, e as *legalizacións* supoñen novas licenzas. Non se aclara nada respecto do control de consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado a locais como ao *botellón*. Formulamos unha nova recomendación para que *con urxencia se promovesen todas as medidas precisas para garantir o descanso dos afectados polos ruídos noturnos que se xeran como consecuencia do funcionamento de moitos locais noturnos e pola presenza na rúa e a altas horas da madrugada dun número importante de persoas; e que se evite o funcionamento irregular dos locais obxecto da queixa que seguen desenvolvendo a súa actividade sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que posúan de café, bar ou similar, isto é, que funcionan con música e/ou cun horario amplo sen poder facelo desa forma; que se incoen os expedientes sancionadores que se deduzan da comprobación de infraccións administrativas como as mencionadas; que se dea aplicación ás medidas previstas para as zonas acusticamente saturadas, e en concreto que se aclare se se*

concedeu ou se encontra en trámite algunha licenza para locais nesa zona; e que se dea aplicación ás medidas legalmente previstas para evitar a concentración de persoas na rúa a altas horas da madrugada e perturbando os veciños polo ruído que xeran, o que resultaría evitable coa observancia dunha conduta cívica normal. O Concello de Oroso non respondía, incumprindo deste modo a súa obrigación (art. 33 da Lei do Valedor do Pobo), polo que finalmente acudimos persoalmente a solicitar a resposta e toda a documentación precisa para coñecer o grao de efectividade da recomendación. Ao peche do presente informe acabábase de recibir a resposta municipal, que estamos valorando. En Oroso tamén se coñecen queixas referidas a locais individuais que non se aclararon suficientemente en moito tempo (Q/2024/08, Q/311/09 e Q/636/09).

Os problemas de acumulación de locais e contaminación acústica en Tui coñecémolos desde hai tempo (Q/488/01). Despois de moitas dificultades para obter a información concluímos que o funcionamento irregular afectaba a un número moi considerable de locais, polo que intentamos que o Concello cumprise as súas obrigacións ao respecto. O interesado comunicara que a maioría dos locais permanecían abertos sen licenza de funcionamento. Seguía sen aclararse se os locais axustaban a súa forma de funcionar ao habilitado na súa licenza. Formulamos unha recomendación para que se comprobase o estado das licenzas de todos os locais obxecto da queixa e o cumprimento das súas condicións, no seu caso, de tal forma que se corrixise a actitude pasiva do Concello en relación coas irregularidades en materia de actividades clasificadas e contaminación acústica; ademais, debería iniciarse unha análise precisa para determinar se a zona debe ser declarada como saturada por acumulación de ruídos e aplicar as medidas oportunas que permitan corrixir esta circunstancia, se se confirmase (resolución núm. 3 das da área de medio ambiente do Informe de 2006). O Concello comunicou que aceptaba a recomendación que lle formularamos. Sen embargo, non se aclaraba a situación de 3 establecementos. Hai tempo que requiriramos que urxentemente se facilitase esa aclaración e dada a falta de resposta advertimos da posibilidade de enviar o asunto ao Ministerio Fiscal, convocando o alcalde e os funcionarios responsables para unha comparecencia. Finalmente a policía local realizou as comprobacións reiteradamente requiridas respecto dos locais que aparentemente funcionaban sen axustarse ao previsto na súa licenza e confirmou ese desaxuste no caso algúns locais, que tiñan licenza de café-bar e exercen a

actividade de pub. Por iso, requiriuse aos responsables dos establecementos para que regularicen a súa situación.

Nos tres casos comentados, os concellos de Boiro, Oroso e Tui colaboraron deficientemente con esta institución, pero sobre todo non abordaron adecuadamente o grave problema que se trataba en cada unha das queixas. Iso fixo que dirixísemos aos alcaldes numerosos recordatorios de deberes legais e advertencias de declaración de hostilidade; que criticásemos a súa actitude en diferentes informes dirixidos ao Parlamento; que formulásemos recomendacións ou recordatorios de deberes legais para corrixir as irregularidades detectadas; e que fixésemos visitas e chamadas co fin de reconducir as situacións irregulares. En anteriores mandatos se declararan *hostís e entorpecedores* os alcaldes de Boiro e Tui. Estas actitudes municipais resultan enormemente reprochables, razón pola que resaltamos o presente comentario crítico do actuado polos tres concellos. Despois de moito tempo o Concello de Tui parece ter corrixido a situación. Ao peche do informe estudamos as actuacións dos outros dous.

1.3.3.3 Outros supostos de contaminación acústica por concentración de locais, locais sen licenza, sen axustarse á que teñen, ou que transmiten niveis de ruído superiores ao permitido

Para un adecuado control dos ruídos ocasionados polos locais cómpre que os concellos asuman a súa responsabilidade nesta orde. Non é desculpa a alegación de limitacións persoais e materiais, cousa que segue resultando común, aínda que afortunadamente cada vez menos. A competencia municipal en materia de ruídos atribúese aos concellos desde hai moito tempo, polo menos desde 1961, coa aprobación do RAMINP, polo que deberan terse dotado dos medios precisos para dar cumprimento a esta preceptiva función. Se carecen deles, entón deberían dotarse dos mesmos canto antes, de tal forma que esta desculpa non permaneza no tempo por moito tempo, como de feito sucede en non poucos casos.

As comprobacións sonométricas dos concellos deben facerse cantas veces sexan precisas (art. 9 Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica). A repetición

das molestias por ruídos noite tras noite, é dicir, a reincidencia, debe ser tratada como tal, de acordo co legalmente previsto para evitar estes comportamentos reiterados. Ademais, estes establecementos precisan de licenza de funcionamento, o que supón a obrigación permanente do concello de vixiar as condicións que lles afectan, segundo reiterada xurisprudencia.

A causa máis frecuente de reclamacións plenamente xustificadas é o funcionamento de establecementos sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen. As actividades clasificadas deben contar con licenza de funcionamento outorgada de acordo co establecido no anterior RAMINP, agora no Decreto galego 133/2008, a través da que se protexe o interese público, facendo compatibles a actividade e a evitación de molestias desproporcionadas, outorgando as licenzas soamente cando eso sexa posible en función das circunstancias. Nos casos de falta ou desaxuste de licenza tamén se adoita constatar a transmisión de ruídos, aínda que o debate se centra na primeira circunstancia, posto que probablemente se produce como consecuencia da falta do control preventivo, ou porque o funcionamento real non se axusta á licenza, posto que as exixencias de insonorización non son as mesmas para os bares ou cafeterías que para os pubs ou discotecas.

As queixas Q/258/06, Q/1640/06, Q/937/07 e Q/2431/08 iniciáronse polos graves problemas denunciados por veciños de *zonas saturadas* en Vigo. Ao cabo de moito tempo coñecemos que o Concello de Vigo declarara determinadas zonas de movida como acusticamente saturadas, pero seguía sen aclarar dous aspectos esenciais: os locais que nesas zonas están funcionando de forma irregular, é dicir, sen licenza ou con licenza que nos os habilita para funcionar como o veñen facendo; e a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración mencionada.

A revisión de posibles irregularidades en materia de licenza debe ser a primeira medida coherente á hora de abordar calquera situación de saturación. Coa actuación de axuste á legalidade das posibles irregularidades neste ámbito é previsible que se reconduza en parte o problema oficialmente declarado, isto é, que na zona se superan os límites legalmente admitidos en materia de ruídos. Por tanto, solicítase ao respecto unha lista exhaustiva dos establecementos de cada unha das zonas que permita coñecer cales teñen

licenza, de que tipo, e se os que teñen licenza funcionan de acordo co habilitado nela, especialmente se os locais que non son pubs non contan con música e limitan o seu horario de acordo co previsto para eles. Loxicamente, resulta preciso coñecer tamén as actuacións do Concello para corrixir as irregularidades que no seu caso constate, tanto no ámbito da reposición da legalidade, incluídas as medidas cautelares que impidan que continúe o funcionamento irregular, como no ámbito sancionador.

Tampouco se concretaba a eficacia das medidas adoptadas despois da declaración das ZAS. Como sinalamos, é posible que pola aplicación das medidas de axuste á legalidade en materia de licenzas se produza unha diminución dos locais nas zonas afectadas, o que, unido á imposibilidade de novas licenzas, faría innecesarias outras medidas. Pero no caso de non se dar esa circunstancia, as medidas a adoptar deberían procurar a diminución dos niveis de ruído constatados, o que non se logra con medidas de mínimos, como a citada prohibición de novas licenzas, acompañada doutras que se citan, que tampouco garantirían a diminución. As medidas habilitadas no Decreto 320/2002 permiten unha marxe moi ampla, sempre e cando se motive suficientemente a súa adopción e o seu carácter proporcional. É máis, ao se confirmaren os presupostos da declaración, a aplicación das medidas adecuadas resulta unha obrigación para o Concello, que, en caso de non adoptalas, podería conculcar dereitos constitucionais de primeira orde (fundamentais), como os regulados nos artigos 15 e 18 CE, e non prescricións de carácter ordinario (STS do 12 de marzo de 2007).

Por outra parte, as últimas valoracións do problema feitas pola *Asociación Viguesa contra o Ruído* subliñan que non *se avanzou nada* (*La Voz de Galicia*, 24.9.08). Todo o anterior trasladámolo ao Concello, iniciando unha nova queixa de oficio (Q/2431/08). Coa información achegada recentemente (cun atraso considerable) coñécese que se aplicaron algunhas medidas, pero sen embargo segue sen responderse ao especificamente requirido. O ente local refírese fundamentalmente ás recentes medidas normativas adoptadas en contra do “botellón” que xa coñeciamos a través doutros expedientes. A actual queixa, como as precedentes (Q/1640/06 e Q/937/07), refírese á saturación ou contaminación acústica pola acumulación de locais e as graves consecuencias que tal circunstancia ten

para as vítimas, recoñecidas polo propio ente local coa declaración citada. Por tanto, segue sen aclararse a actuación municipal ao respecto.

En Baiona coñecéronse as molestias de numerosos locais (Q/1030/07). Segundo a reclamante, a acumulación fai que non *se poida vivir dunha forma normal*, ao ter que soportar música, gritos e ruídos constantes ata altas horas da madrugada. Cun atraso considerable o Concello de Baiona limitouse a dicir que *a zona non está declarada como zona saturada*, sen concretar se se comprobaron as circunstancias previstas no artigo 12 do Decreto 320/2002, que serían as que darían lugar a tal declaración e á adopción das medidas de diminución do ruído. Desde a apertura da queixa seguimos insistindo ao Concello en que debe aclarar se os establecementos contan con licenza e se axustan o seu funcionamento ao tipo de licenza con que conten; se se cumpren as prescricións regulamentarias relativas á prohibición de consumo na rúa (Decreto 320/2002); e as comprobacións municipais relativas ás circunstancias que motivan a declaración por saturación de contaminación acústica na zona, de acordo co sinalado no Decreto 320/2002, coa eventual aplicación das medidas previstas para resolver o problema. Finalmente coñecemos que o ente local realizou unha serie de actuacións relativas á corrección dos efectos perniciosos que se constataron pola acumulación de locais. Especialmente se corrixiron os ruídos no exterior dos locais, circunstancia que se puxo de relevo como moi necesaria, posto que o propio ente local sinalara que *principalmente se deben (os ruídos) a barullos na vía pública*. Esta circunstancia *intenta mitigarse coa presenza policial e con requirimentos aos propietarios dos locais para que dean cumprimento ao establecido no artigo 12 do Decreto 320/2002...que determina que "os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza"*.

Na Estrada puidemos comprobar o deficiente tratamento que dá o Concello a problemas ocasionados por locais (Q/434/09), cousa que xa sucedera en ocasións anteriores. Despois de moito tempo sinalou que *estaba valorando as actuacións a seguir*, a pesar de que en todas as actas se reflectían irregularidades, como persoas ás portas, percepción de música ou peches fóra do horario. A reacción municipal é insuficiente, posto que só se obriga a baixar o volume, sen medición e acta de infracción que dea lugar ao

correspondente expediente e sanción, no seu caso. Ao se repetiren as supostas infraccións, as multas serían máis cuantiosas e previsiblemente terían un efecto disuasorio, e ata poderían dar lugar ao peche do local; pero isto non sucede porque -como dixemos- non se fan nin se tramitan actas de infracción. Non se persegue a presenza de persoas ás portas do establecemento, o que debe ser evitado en primeiro termo polos titulares do local, e se non o conseguen teñen a obrigación de chamar a policía local, que será quen o evite, pero tamén quen levante a acta de infracción para despois sancionar (art. 12. 1 Decreto 320/2002).

En Muros xa coñecéramos unha queixa pola actividade municipal respecto dun local (Q/944/03). Entón coñecemos que o expediente sancionador iniciado como consecuencia do ruído transmitido á vivenda caducara pola súa falta de impulso e que non se facían as novas medicións que reclamaba o interesado. Agora pídese que se retome o asunto porque continuaban os problemas denunciados (Q/583/09 e Q/1147/09). Na primeira coñecemos a persistencia dos prexuízos e que o concello non comprobaba as reiteradas infraccións porque non enviaba técnicos ou policías locais para medir os continuos ruídos. Recordamos ao Concello que non era desculpa a suposta falta de medios. Tamén había ruído procedente da rúa que debía corrixirse (arts. 12 e 26 Decreto 320/2002). Finalmente o Concello comprometeuse a solucionar o problema. De novo pediuse a reapertura e entón coñecemos que o motivo da queixa continuaba porque o Concello non modificara a súa forma de proceder, a pesar do seu compromiso. Despois de moito tempo desde as denuncias e as queixas o Concello limitouse a mencionar as súas carencias para corrixir a situación, polo que nos vimos obrigados a formular unha recomendación para que con urxencia se evite o ruído procedente da rúa debido á concentración de persoas no exterior do local, en aplicación do previsto nos arts. 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002, e que, despois de corrixir o anterior, tamén con urxencia se realicen cantas medicións sexan precisas para coñecer o nivel de ruído transmitido polo local á vivenda dos prexudicados, e que as devanditas medicións se fagan no preciso momento en que chamen denunciando as supostas infraccións**.**

En Melide a queixa Q/1903/08 referíase aos ruídos procedentes de locais. A pesar da nosa insistencia este Concello non concretou a adaptación formal dos establecementos

ao previsto no novo catálogo (Decreto 292/2004), unha obrigación municipal que repercute directamente nun dos principais obxectos de queixa, os horarios. Non se comprobou que os locais que se citan como bares realmente funcionen como tales, sen música e cun horario reducido; parece deducirse que funcionan como pubs, polo que deberían adaptase de forma inmediata e seren sancionados, en caso de confirmarse. Tampouco se sinala nada en relación co control do ruído na rúa, por consumo fóra dos locais ou polo tránsito de xente pola rúa debido á previsible saturación da zona. Non se aclara se no verán os locais non pechan antes das 7.30 h, se non pechan a única porta que teñen, e se lles permiten sacar as barras ao exterior.

Na Coruña unha *Federación de Asociacións de Veciños* pediu a inmediata e urxente convocatoria da comisión de seguimento da zona acusticamente saturada, creada polo goberno municipal en 2007, pero que ao parecer non se convocara nunca (Q/2442/09).

1.3.3.4 Locais sen licenza, sen axustarse á que teñen, ou que transmiten niveis de ruído superiores ao permitido

Como adiantamos, resultan frecuentes as queixas por locais sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen; pola transmisión de ruídos ás vivendas por deficiencias na insonorización ou pola utilización dun volume superior ao permitido. As queixas deste tipo adoitan acompañarse dunha negativa dos entes locais a realizar a preceptiva comprobación de ruídos, ou de comprobacións inadecuadas. A comprobación de todas as circunstancias citadas é unha función municipal que en ocasións non se atende coa dilixencia precisa, como o demostran a necesidade de formular recomendacións.

A causa máis frecuente de reclamacións plenamente xustificadas é o funcionamento de establecementos sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen. Nestes casos xeralmente se constata a transmisión desproporcionada de ruídos.

Como claro exemplo de actividade sen axustarse ás condicións da licenza podemos citar as molestias provocadas por locais de Noia, o que fixo que formuláramos xa

en 2008 unha recomendación para que se corrixise o funcionamento irregular dos dous locais obxecto da queixa (Q/2071/07), que contan con licenza de cafe-bar e non se axustan ao habilitado nelas ao funcionar con música e cun horario amplo. A resposta non aclarou que se resolvera o desaxuste da actividade dos dous locais ao habilitado na súa licenza. Entendemos parcialmente desatendida a obrigación legal de responder as recomendacións (artigo 32.2 Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo) e rexeitada de forma tácita a recomendación. Por iso, procedemos de acordo con disposto no artigo 33.2 da citada lei, destacando o negativo desta actuación do Concello de Noia e do seu alcalde, ao que se dirixiron todas as comunicacións.

Outro exemplo de desaxuste encontrámolo nun local de Baiona sito nun chalé (Q/827/2005 e Q/2512/08). Ao parecer funciona aproveitando os xardíns, con música ao aire libre ata as 6 da mañá e a un volume moi elevado. Por iso formuláronse numerosas denuncias, que non deron resultado. Como resposta o Concello sinalou que tiña licenza de *café-concerto*, pero non aclaraba o suposto funcionamento irregular debido á utilización do xardín, as portas e ventás abertas, a música alta...; só sinalaba que os ruídos e molestias se comprobaron *nalgunhas ocasións*. O Concello indicou que en gran parte o problema deriva da *afluencia de xente no exterior*, pero esta cuestión tamén é de competencia municipal. Parte do ruído denunciado e que segue sen corrección é o que se dá nos xardín do establecemento. O ruído ás portas debía corrixirse (artigo 12.1 do Decreto 320/2002, que sinala que *"os titulares de establecementos serán responsables de velar para que os usuarios, ao entraren e saíren do local, non produzan molestias á veciñanza"*, e en caso de desatención deberán avisar *"inmediatamente á policía local").* Por iso deducimos unha desatención das funcións municipais e formulamos ao Concello de Baiona unha recomendación para que con urxencia se adoptasen as medidas de corrección que procedesen respecto da actividade, que desde hai tempo vén funcionando dun modo irregular sen que o ente local adoptase medidas eficaces para que cesase tal circunstancia; que non se permitise o funcionamento do local ata que se corrixan as deficiencias; e que, se for preciso, se incoasen os expedientes sancionadores, que se deducisen das infraccións administrativas comprobadas (véxase resolución núm. 22 das da área de medio ambiente no Informe de 2007). O Concello aceptou a recomendación e o alcalde persoalmente se comprometeu a facer respectar as condicións da licenza do establecemento. Sen embargo,

no seu último escrito o interesado sinala que no expediente sancionador que se coñecía para corrixir o anterior funcionamento do local se rebaixou a cualificación da infracción e agora é *leve*, co que non produciría ningún efecto en orde a disuadir outros comportamentos similares, que se repiten ano tras ano. Agora o ente local indica que *se incoou un expediente de reposición da legalidade a X, pola instalación de dúas barras no exterior do inmoble e que suspendeu a actividade nelas.* Verbo do ruído ás portas, o concello di agora que *se requiriu aos propietarios o cumprimento do disposto no artigo 12 do Decreto 320/2002 (os titulares de establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza).*

Detectamos outros caso de desaxuste nun local de Fisterra (Q/1213 e 1214/08), polo que recomendamos ao Concello desa localidade que con urxencia procedese a confirmar o aparente funcionamento irregular do local obxecto da queixa, que conta con licenza de cafe-bar e sen embargo funciona con música e un horario moi amplo (véxase a resolución núm. 1 das desta área). Na súa resposta o Concello acepta a recomendación formulada; para darlle efectividade comunicouse ao titular do establecemento que debe axustarse á actividade propia dun café-bar, que é para a que ten licenza.

1.3.3.5 A contaminación acústica e outros problemas ambientais creados por actividades comerciais, industriais ou de diferente tipo

Coñeceuse unha queixa (Q/233/08) polas molestias ocasionados por unha obra privada en Vigo. O Concello respondeu que tiña licenza, sen explicar o actuado polas concretas denuncias de ruído desproporcionado. Non actuou adecuadamente no tratamento do problema porque non o comprobou e non avaliou a adecuación dos niveis transmitidos ás exixencias legais, o que resulta independente da licenza.

A queixa 175/09 referíase ao funcionamento dun taller de confección en Carballo. A resposta recibiuse cun atraso considerable (foi preciso recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da mesma), aínda que finalmente se

aclarou que, á parte das actuacións precedentes, agora o local onde estaba en funcionamento un taller de confección está cerrado desde o pasado mes de xullo.

A queixa Q/2065/07 merece unha crítica especial. Fai referencia ás denuncias desatendidas polo Concello de Tui e realizadas desde 1999 pola construción e funcionamento dun taller de elaboración e pulido de pedra sen autorización. Non se adoptou ningunha medida, a pesar de ser unha actividade molesta por ocasionar ruído, gases, po, etc. A solicitude de información dirixiuse ao Concello de Tui en novembro de 2007 e desde entón non respondeu nada, a pesar de que se urxiu a entrega da información en numerosas ocasións a través de chamadas e de que recordamos ao alcalde o seu deber legal de colaborar na investigación e enviar o preceptivo informe e de que o advertimos de declaración de hostilidade e entorpecemento. Ao peche do informe aínda non temos a resposta, polo que estudamos a declaración de hostilidade, advertíndoo tamén de que as negativas a dar resposta ao Valedor poden ser constitutivas de delito, de acordo co art. 502 do Código penal.

Na Q/1858/07 coñecemos a reclamación por ruídos provenientes dun cine do Grove. O Concello deixou de responder durante moito tempo ao concreto obxecto da queixa, que era que non se comprobaba e corrixía ese ruído. O propio Concello promovía actos culturais no cine, como concertos de corais, teatro ou cine, engadindo que *non deben ser causa de molestias aos veciños*, sen máis aclaración, a pesar de que a queixa indicaba o contrario. Despois de moito tempo (foi preciso recordar o deber legal de responder e advertir de declaración de hostilidade e entorpecemento) o Concello informou que o cine xa non tiña actividade, pero sen concretar nada das anteriores molestias.

A queixa Q/1830/07 referíase aos prexuízos ocasionados polo matadoiro de Xinzo. O Concello confirmou que carece de licenza definitiva e da estación depuradora exixida para outorgala. Anunciou en diferentes ocasións unha inspección para comprobalo de novo e adoptar as medidas que corresponderan. O informe pendente desde había moito tempo debía realizalo a empresa concesionaria do saneamento, que seguía sen achegalo. Unha e outra vez o ente local alegaba que non tiña ese informe, a pesar de que lle recordamos de que se trataba dun servizo municipal concedido e por tanto o Concello conservaba todas as

súas responsabilidades e funcións e debería impoñer as súas instrucións legais ao concesionario. Por iso reiteramos un anterior recordatorio de deberes legais e a advertencia de declaración de hostilidade e entorpecemento.

Como conclusión da queixa Q/801/04 recomendamos ao Concello de Redondela que impedise o uso inadecuado como canceiras e paxareira dunha construción ilegal prescrita. Ao feito de que non cumprise con dilixencia as súas funcións de disciplina urbanística non debía engadirse o evidente prexuízo que supón o uso inadecuado das instalacións, á parte de que se encontren en bo estado. O prexuízo que supón pegar unha instalación deste tipo á vivenda veciña e afastala da propia, situándoa no estremo do soar, non depende da limpeza e o bo estado das gaiolas, senón da súa propia existencia nesas circunstancias; que se encontrasen en malas condicións agravaría o prexuízo xa existente. Non se deu efectividade á recomendación, polo que nos encontramos ante un suposto de mala administración sen reparación.

Por molestias ocasionadas por unha granxa de porcos en Culleredo promovéronse un número importante de queixas que ao peche deste informe seguimos coñecendo (Q/2140, 2218, 2219, 2343, 2344, 2346, 2348, 2358 e 2363/09).

1.3.3.6 A xestión das augas continentais: os vertidos e as depuradoras

Aprécianse carencias en infraestruturas de condución, separación e tratamento de augas residuais, tanto industriais como domésticas. Nalgúns casos simplemente non existen, e noutros resultan claramente insuficientes, ou contan cunha nula ou mala xestión. A causa fundamental da contaminación é o vertido de augas residuais urbanas e industriais, pero tamén a proliferación de pozos ou fosas sen garantías suficientes, ou a mala xestión ou utilización na agricultura de residuos gandeiros. Nas augas marítimas, sobre todo nas rías, detéctanse graves problemas de falta ou deficiente saneamento. Resulta moi rechamante a falta de sistemas adecuados de recollida e tratamento das augas residuais nalgunhas cidades ou vilas. A través das queixas coñecemos exemplos de vertidos contaminantes que afectan ao dominio público hidráulico continental e ás augas costeiras. Moitos teñen a súa orixe en actividades industriais, pero tamén coñecemos un número

significativo de vertidos procedentes de instalacións públicas, fundamentalmente colectores ou incluso depuradoras, que en ocasións non funcionan ou non o fan adecuadamente. Outros problemas ambientais os provocan as depuradoras pola mala ubicación ou planificación.

Os problemas ocasionados pola EDAR de Vigo aínda non foron resoltos. En anos anteriores interesámonos pola problemática xeral desta infraestrutura e este ano sobre todo polos detalles da política municipal de realoxamentos dos afectados, que promoveran queixas anteriores. Iniciamos unha queixa de oficio (Q/1983/07) que non foi respondida nin unha soa vez polo Concello de Vigo, a pesar do moitísimo tempo transcorrido desde o seu inicio. Por esa razón recordamos formalmente ao alcalde de Vigo o seu deber legal de colaborar nas investigacións e de responder os requirimentos de informe; advertímolo de posible declaración de hostilidade e entorpecemento; e ademais fixemos un número considerable de chamadas urxindo o envío do preceptivo informe, sen resultado. Por iso, ao peche do presente informe estudamos a declaración de hostilidade anunciada e a posible advertencia de que a negativa reiterada a dar resposta ao Valedor pode ser constitutiva de delito, de acordo co art. 502 do Código penal.

Coñeceuse a situación da EDAR de Vilalba (Q/863/09), confirmándose o vertido obxecto da reclamación. O problema reside na falta de infraestrutura para evitar os vertidos en determinadas circunstancias, sen que se promovese a solución correspondente. En calquera caso a Confederación Hidrográfica, competente na materia, iniciou un expediente sancionador polos feitos.

En Arbo encóntrase pendente o selado dunha fosa de recollida de augas residuais (Q/92/08). Desde hai tempo existe unha orde municipal de limpeza e destrución do pozo negro, pero recentemente o Concello informa agora como se nunca existise ou non soubese nada do asunto (*non se aprecia a existencia do pozo denunciado).* Non se comprobou a execución da orde de hai moito tempo e por iso a actuación do Concello neste caso resulta reprochable.

1.3.3.7 A xestión dos residuos sólidos e os vertedoiros

Nesta materia destaca a queixa de oficio iniciada debido a unha información aparecida no xornal *El Mundo*, 15 de febreiro de 2009, na que se dicía que as medicinas caducadas que levamos á farmacia non se destrúen, senón que son arroxadas a un gran vertedoiro en Cerceda. "Unha bomba de reloxería a ceo aberto. Doce mil toneladas de fármacos mesturados con lixo urbano en descomposición. As camionetas chegaban a diario cargadas de medicamentos caducados, sen as caixas, e se baleiraban directamente no vertedoiro". Os fármacos caducados poderían filtrarse ás augas. O desastre tamén ten a súa vertente crematística: cerca de 45 millóns de euros, o diñeiro invertido pola industria farmacéutica desde 2002 para que os medicamentos en desuso non se tiren a un contedor ou polos desaugadoiros das casas, terminaron no vertedoiro. O plan pioneiro en Europa para organizar a recollida e destrución de fármacos desbotados falla no seu último chanzo, a incineración. Indícase que non se queimaron nestes anos porque non había nin hai fornos adecuados para queimar as medicinas. Non hai capacidade nin para todos os residuos comúns. Sinálase que os responsables da planta o sabían. "O que pasa é que ninguén quere perder o seu traballo. Todos, incluídos os traballadores, saben que se arriscan. Non había nin hai fornos adecuados para queimar os fármacos, nin capacidade para os residuos comúns".

Da información enviada en primeiro termo deducíase que o contrato asinado co subministrador se refería á recollida de "residuos de envases con medicamentos considerados urbanos e asimilables que pola súa composición e características poden ser tratados nas instalacións de SOGAMA". Sen embargo, non se especificaba que residuos de medicamentos teñen esa consideración e que medidas se adoptaron para garantir que os residuos aceptados eran asimilables aos urbanos. Esta garantía debería terse dado, de acordo co previsto nunha cláusula do contrato.

Os compromisos contractuais referíanse á valorización dos residuos, en concreto, á súa incineración. A noticia indicaba que "o complexo medioambiental de SOGAMA non estaba preparado tecnicamente para proceder á incineración destes materiais, e o seu destino vén sendo o de sempre, o vertedoiro controlado de Areosa". Ao respecto

informacións posteriores sinalaban que o subministrador promoveu actuacións legais contra SOGAMA e DANIGAL polo incumprimento das súas obrigacións contractuais e polos prexuízos causados á súa imaxe; sinalaba que o acordo establecía que SOGAMA aproveitaría enerxeticamente os medicamentos despois de separalos e clasificalos. Todo o anterior parecía coherente coa decisión adoptada no seo da autorización ambiental integral (AAI) do complexo medioambiental e vertedoiro de Cerceda, de SOGAMA, na que se limitan os residuos urbanos a tratar, excluíndo os que tratamos.

Requirimos unha aclaración sobre os extremos citados e a CMATI sinalou que non existía vinculación contractual entre a empresa pública galega SOGAMA e o subministrador, senón que os vínculos contractuais só existían entre este e outra empresa que si tiña contrato con SOGAMA. Por tanto, desta forma excluiríase a responsabilidade contractual; non obstante, resulta dubidoso que SOGAMA descoñecese o compromiso de que os residuos de farmacia que se entregaban polo menos en parte foran destinados á eliminación ou valorización, cando existían campañas publicitarias nos medios de comunicación que difundían publicamente tal obxectivo. Non se aclaran os medios de control sobre as entregas de medicamentos para ser depositados no vertedoiro, o que ao parecer se deixou nas exclusivas mans dunha empresa, e sobre todo as causas do cambio de criterio na AAI respecto da posibilidade de entrega deste tipo de residuos para o seu depósito no vertedoiro, prohibíndoo, o que loxicamente ten que relacionarse coa anterior práctica. Ao respecto descoñécese se se iniciou algún tipo de acción polas prácticas anteriores e os posibles incumprimentos contractuais que se deran.

Tamén coñecemos unha reclamación pola presenza e prexuízos dun vertedoiro irregular nos Nogais (Q/826/08). O Concello desa localidade recoñeceu que as condicións inadecuadas en que se encontra, polo que esperaba eliminalo. Para iso realizou as xestións necesarias ante a CMATI, que faría a clausura e acondicionamento do contorno.

Como consecuencia dunha noticia aparecida no diario *El País* iniciamos unha queixa de oficio (Q/1134/08) debido ao estado do vertedoiro de Vigo, que, segundo a información, segue contaminando despois do seu selado, no 2001, por que o Concello se desentendera del. Tras a súa clausura debería manterse e vixiarse. A anterior CMADS

respondeu que “parte das augas... acaban na rede de sumidoiro e outra na cuneta. A canle encóntrase en malas condicións de mantemento, rota e cuberta con terra, pero non se aprecian malos olores que indiquen que as augas poidan estar contaminadas con materia orgánica. De todo o exposto informouse ao Concello de Vigo, como órgano substantivo do mencionado proxecto e ata o momento non estableceu ningunha consideración ao respecto”. Como xa resaltamos o ano pasado, o Concello de Vigo non nos respondeu durante moito tempo; finalmente aclarou que as posibles carencias que puideran observarse con anterioridade foron corrixidas.

1.3.3.8 Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente

A Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, é transposición das directivas comunitarias que dan efectividade ao *Convenio de Aarhus*, ratificado pola Unión Europea e ao que tivemos ocasión de referirnos en diferentes informes. Sen embargo, a través das queixas observamos que son comúns os atrasos á hora de responder as solicitudes de información ambiental en poder da administración; non adoitan respectarse os prazos establecidos pola Lei 27/2006, que prevé unha rápida resposta e entrega. Debe responderse nun mes, facilitarse no formato solicitado ou máis adecuado, sobre todo en versión informática, e non é preciso demostrar un interese específico. Pero as administracións retardan ou obstaculizan a entrega mediante exixencias inadecuadas, como a xustificación da representación da persoa xurídica solicitante, normalmente organizacións ambientais. Por iso, debera mellorarse a axilidade na resposta e a entrega. Tampouco parece adecuado pedir aclaracións sen que ao tempo se proporcione información sobre os aspectos claros da petición, solicitar o pagamento de cantidades non previstas (as entregas telemáticas deben ser gratuítas, como tamén as fotocopias de menos de 20 páxinas), ou xustificar a falta de resposta ou a demora desproporcionada na falta de medios, posto que a información se debería encontrar en formatos que permitan a súa fácil xestión, manexo e entrega.

Un caso de falta de información coñecémolo na queixa Q/77/09, sobre ausencia de resposta a unha solicitude de información ambiental dirixida ao Concello de Pazos de Borbén. Este confirmou que non respondera a solicitude no prazo previsto pola normativa e que tampouco lla proporcionaría no futuro, aínda que despois dun tempo ofreceu a posibilidade de consultar todo no Concello, o que resulta claramente diferente.

Noutra ocasión a queixa por falta de información ambiental dirixíase ao Concello do Grove. Comprobamos que non transmitira a información en prazo, confirmando os presupostos da queixa. Na resposta que nos enviou non especificaba se transmira a información que entón nos dirixía a nós directamente ao reclamante (Q/2510/08).

1.3.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta aliña recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando o interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

Na maioría das ocasións a non admisión a trámite produciuse pola ausencia de intervención previa da administración competente. Noutros casos non se apreciou irregularidade, ou o asunto estaba sendo obxecto de coñecemento xudicial (art. 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo).

1.3.5 QUEIXAS REMITIDAS AO *DEFENSOR DEL PUEBLO*

O *Defensor del Pueblo* é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao *Defensor del Pueblo*, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do *Defensor del Pueblo* e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos ao *Defensor del Pueblo* por reclamacións referidas a dominio público marítimo-terrestre (Q/110/09), solicitude de información ambiental dirixida á Administración Xeral do Estado (Q/679/09), impacto do aeroporto da Coruña (Q/782/09), molestias polas obras do AVE en Redondela (Q/855/09) e emisións radioeléctricas no CP de Teixeiro (Q/1130/09).

1.3.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE

1.- Recomendación dirixida ao Alcalde de Fisterra o 12 de febreiro de 2009 debido a molestias dun local de Fisterra (Q/1213 e 1214/2008)

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de D.ª T.F.M. e D. J.M.C.C. referentes ás molestias producidas por un local de ocio en Fisterra.

No seus escritos, esencialmente, indícannos que son titulares dun establecemento de hostalería denominado *Hotel* . Desde hai catro anos veñen sufrindo diversas molestias de carácter grave xeradas pola actividade nocturna dun baixo comercial lindeiro denominado *Pub M*. As molestias consisten en música excesivamente alta, vibracións, gritos e barullo de persoas en horario de descanso (a partir das 22 horas, prologándose en ocasións ata as 7 ou 8 da mañá), rotura de vasos, lixo e estragos na vía pública. Tamén se dan ruídos provenientes dun espazo traseiro, un patio interior ao aire libre do que, en ocasións, fan uso os clientes e habilitado como unha especie de "terraza" que permanece aberto ata altas horas da noite, provocando molestias tanto polo ruído das persoas que se atopan alí como pola música emitida dende dentro do local, ao permanecer a porta traseira aberta. Tamén sofren insultos e burlas por parte das persoas que se atopan no local. Segundo sinalan, pediron reiteradamente o cesamento dos ruídos aos responsables do local, solicitaron a actuación da Garda Civil en reiteradas ocasións (que por falta de competencias os remite ás autoridades municipais), solicitaron verbalmente en moitas ocasións ao alcalde que tomara as medidas pertinentes e aplicara a lei, e este comunicoulles que o local nin sequera dispón de licenza municipal. Tamén solicitaron a actuación das forzas da seguridade municipais, sen conseguir que se actuase contra a situación de ilegalidade do establecemento.

Ante iso solicitamos información ao Concello, que nun primeiro momento nos respondeu que o seguinte:

“En relación ao seu escrito co número 5195 (RS) de 13/6/2008, no tocante á queixa presentada nesa institución por T.F.M. e J.M.C.C., que como titular do establecemento de hostalería denominado Hotel , veñen sufrindo diversas molestias de carácter grave xeradas pola actividade nocturna dun baixo comercial lindeiro denominado Pub M., achégolle copia dos informes que presentou a Policía Local deste concello.

Así mesmo, comunícolle que co número 486 (RE) de 4/2/2008, M.A.M.C., con domicilio na rúa C, desta vila, comunica que ten previsto realizar a actividade de bares categoría especial (epgf. 673,1) no local da, - baixo que tiña licenza a nome de J.M.I.T., e pide o cambio de titular da licenza ao seu favor (achego copia).

M.A.M.C., entre outra documentación, presenta copia do modelo 036, declaración censal de alta, modificación e baixa no Censo de obrigados tributarios. comunicando o inicio de actividade para o día 1/2/2008 (achego copia).

O arquitecto técnico que presta servizos en materia urbanística o pasado 4/3/2008 presenta un informe que como conclusión di que "terá que presentar proxectos visados polo colexio correspondente, indicando as obras necesarias para cumprimento das normas, actualmente en vigor, para este tipo de establecementos" (achego copia).

A Delegación Provincial da Consellería de Sanidade o pasado 22/5/2008 comunica que o informe sanitario realizado o establecemento en cuestión é favorable.

Co número 2023 (RS) de 12/6/2008, requíreselle a M.A.M.C. que presente a documentación requirida polo arquitecto técnico que presta servizos en materia urbanística neste concello (achego copia).

Tendo en conta que a día de hoxe, o interesado non presentou a documentación solicitada para a tramitación do expediente de cambio de titular ao seu favor da licenza de apertura de apertura, o expediente en cuestión atópase en fase de ditar resolución de arquivo de expediente, tal e como se establece no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Así mesmo, iníciase o expediente de denuncia por molestias ocasionadas por actividades, co número 1911 (RE) do 28/3/2008 por parte de T.F.M. e número 1912 do 28/3/2008 por J.M.C.C., dos que lle achego informes do arquitecto técnico que presta servizos en materia urbanística e da Policía Local deste concello, así como do requirimento ao denunciado para que presente as alegacións que considere oportunas.

Mediante escritos presentados cos números cos números 2304 do 25/4/008; 2337 (RE) do 29/4/2008; 2449 (RE) do 7/5/2008 J.M.C.C. e cos números 2305 (RE) do 23/4/2008; 2338 (RE) do 29/4/2008; 2450 (RE) do 7/5/2008 T.F.M., seguen manifestando as queixas polas molestias que seguen a sufrir como consecuencia da actividade nocturna xerada pola actividade nocturna do local mencionado. Solicítase novo informe da Policía Local deste concello, que son presentados o 19/5/2008 (achégase copia).

Por todo iso, co número 1410 (RS) de 9/5/2008, remítese un oficio ao Sr. comandante do Posto da Garda Civil para que ordene a unha patrulla da Garda Civil que se despracen a esta vila nos días en que se causan as molestias para comprobar a veracidade das denuncias. Co número 2959 (RE) do 10/6/2008 entra nas oficinas municipais o escrito remitido pola Garda Civil do posto de Corcubión (achego copia).

Cos números 2564 (RE) do 15/5/2008; 2793 (RE) do 29/5/2008; 2917 (RE) do 6/6/2008; 2961 (RE) do 10/6/2008 J.C.C. e cos números 2565 (RE) do 15/5/2008; 2792 (RE) do 29/5/2008; 2916 (RE) do 6/6/2008; 2962 (RE) do 10/6/2008 T.F.M., seguen manifestando e denunciando as molestias xeradas pola actividade nocturna do pub M.

Co número 3225 (RE) do 26/6/2008, recíbese neste concello un escrito dirixido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, debido a denuncia formulada pola Garda Civil de Corcubión, no que solicitan datos sobre o titular do establecemento, por carecer de licenza, infracción tipificada no artigo 23.e) da Lei

orgánica 1/1992. A resposta a este escrito foi remitida co número 2332 (RS) do 3/7/2008. O local no que se realiza actividade de Pub M., permanece pechado desde o pasado 15/6/2008, e nunha xanela aparece un cartel de "pechado por reformas".”

Da información deducíase que o establecemento se atopaba pechado, descoñecéndose se dende entón o local reiniciou a actividade. Non obstante, o Concello daba conta do trámite dunha solicitude de suposto cambio de titularidade da anterior licenza, aínda que se sinalaba que o solicitado era para *bar especial*, sen aclarar se finalmente se tramitará como simple transmisión ou como nova actividade. Efectivamente, da documentación aportada parecía deducirse que o local autorizado era un simple *café-bar*, e o que pretende o novo interesado era funcionar como *café-bar especial*, é dicir, con música e ata altas horas da madrugada; de feito, o nome comercial é de *pub* e a súa forma de funcionar era de *pub*, segundo os interesados na queixa, sen que se desmentira polo Concello. Sen embargo, no caso de confirmarse o anterior precisaría unha nova licenza, e non unha sinxela transmisión da anterior, aínda con reformas, posto que se pretendía unha actividade diferente, segundo se expresa reiteradamente pola xurisprudencia que coñeceu sobre este tipo de supostos. Por outra banda, o ente local non sinalaba que se realizaran medicións, a pesar de que tal cousa é función municipal (artigo 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica); sinala que trasladou a petición á Garda Civil, pero o certo é que as medicións non se fan porque non se habilita unha comisión de servizos da policía municipal fóra do seu horario e porque ao parecer se carece de medios técnicos, o que tamén está a disposición do propio Concello. Por todo iso requirímoslle que nos facilitara aclaración do expresado, e nesta ocasión sinalou o seguinte:

“En relación ao seu escrito co número 6911 (RS) de 21/8/2008, no tocante ás queixas promovidas nesa institución por T.F.M. e J.M.C.C., debido ás molestias producidas por un local de ocio, comunícolle que:

O titular do establecemento denominado "M." que se localiza no baixo da Avda , desta vila, co número 3966 (RE) de 2/9/2008, presenta proxecto básico e de execución para a adaptación dun local en planta baixa para pub, para o cumprimento das normas actuais, realizado polo arquitecto A (achego copia).

O arquitecto técnico que presta servizos en materia urbanística o pasado 12/8/2008, presenta o informe técnico do que se desprende que se informe favorable a solicitude de licenza solicitada, cando se corrixa o erro do cambio de data do visado. Este informe foi dilixenciado con data 2/9/2008, polo que se informa favorablemente a solicitude de licenza de apertura.

No que toca coas medicións acústicas, función municipal tal e como se desprende do artigo 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, comunícolle que este concello carece dos medios necesarios para realizar este tipo de tarefas.

O expediente tramitouse como un simple cambio de titularidade, e a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 4/9/2008, autorizou o cambio de titular da licenza para a actividade doutros café bar a favor de M.A.M.C. (achego copia). A día de hoxe, o establecemento está aberto ao público e funcionando."

Ante o confuso dalgunhas cuestións contidas na resposta e na documentación remitida polo Concello puxémonos en comunicación directa con el para coñecer fundamentalmente se a licenza transmitida era a anterior, e non unha nova de *pub* ou *bar de categoría especial*, como parecía deducirse dalgún documento, o que suporía a irregularidade tratada anteriormente. O ente local confirmou que se transmitiu unha licenza de simple *café-bar*, é dicir, idéntica a existente, polo que debe obviarse o expresado nalgún documento de trámite e no informe, cando di que o promotor *presenta proxecto básico e de execución para a adaptación dun local en planta baixa para pub.*

Efectivamente, as actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2.414/1961), e agora de acordo co decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación *café-bar* fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

Como xa adiantamos, que para que un local con licenza de bar se converta nun pub non resulta suficiente o que nalgún momento pareceu que se estaba a facer co trámite municipal, é dicir, a transmisión da licenza do bar e a aprobación dunha reforma para

convertelo en pub, pero sen un novo trámite de licenza ou de avaliación de incidencia ambiental, co que non se daría nin información pública aos veciños afectados, nin traslado á CMADS, etc. Tal cousa, como tamén sinalamos, queda descartada dende o momento en que o ente local sinala expresamente que o que se transmitiu foi a licenza anterior, como non podía ser doutra forma (a transmisión doutra en realidade non sería transmisión, senón nova licenza), e por tanto agora o novo propietario ten a licenza para bar que existía anteriormente.

Por outra banda, parece claro que o funcionamento real do establecemento non é o propio dun bar, senón o dun pub. Efectivamente, os interesados sinalaron dende o primeiro intre que o establecemento se denomina *Pub M.* e que produce molestias consistentes en música excesivamente alta, vibracións, gritos e barullo de persoas en horario de descanso, a partir das 22 horas e en ocasións ata as 7 ou 8 da mañá, o que excedería con moito aínda o horario dos pubs. Esta circunstancia, que como dixemos se apuntou dende o inicio da queixa, en ningún caso foi desmentida polo ente local, que se limita a dicir ao respecto que non pode comprobar porque non conta con medios nin humanos nin materiais. Non obstante, para a comprobación sinalada non resultan necesarios nin tan sequera medios técnicos, e esa comprobación é necesaria, sobre todo tendo en conta que todos os indicios apuntan ao indicado.

O ente local pretende xustificar a falta de comprobacións sinalando que *este concello carece dos medios necesarios para realizar este tipo de tarefas*, a pesar de que, como dixemos, a comprobación pendente non require ningún tipo de medio técnico, de que se trata dunha función legalmente atribuída aos concellos, e de que o Concello de Fisterra concedeu licenza, o que supón que ten obriga legal vixiar as súas condicións en particular. Co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; esta abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. E, como xa tratamos, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as

súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

Os cidadáns que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Fisterra non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar a ese Concello de Fisterra a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se proceda a confirmar o aparente funcionamento irregular do local obxecto da queixa, que conta con licenza de cafe-bar e sen embargo non se axusta ao habilitado na súa licenza, ao funcionar con música e cun horario moi amplo.

Resposta do Concello de Fisterra: recomendación aceptada.

2.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde de Boiro o 15 de outubro de 2009 debido ás molestias producidas por diferentes locais de ocio (Q/955/06, 417/07 e 1171/2008).

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de D. G.O.A., presidente da Plataforma Veciñal Convivencia de Boiro, un numeroso grupo de cidadáns, e D. J.P.B.S., referentes ás molestias producidas por diferentes locais de ocio de Boiro.

Nos seus escritos esencialmente indícannos que a plataforma é un movemento veciñal apolítico que xorde como resposta cidadán á situación que están a sufrir na zona na que viven, onde están situados unha enorme cantidade de locais de "movida nocturna". A zona é a comprendida pola rúa Principal, Praza da Mancomunidade, rúa Pablo Iglesias e Avda. da Constitución, en pleno centro urbano de Boiro e a escasos centos de metros da Casa Consistorial. O elevado número de locais nocturnos provoca moitas molestias aos veciños, que ven prexudicados dereitos como o referido á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 CE) e o dereito ao descanso. Sinalan que a inobservancia das normas case xeneralizada por parte dos moitos locais nocturnos (incumprimento dos horarios de peche, insonorización deficientes, falta de adecuación do uso do local á licenza de apertura que lle foi outorgada, etc.) provoca situacións moi prexudiciais. Hai veciños que se ven na obriga de marchar da súa casa a fin de semana para poder descansar; existen

medicións sonométricas efectuadas en vivendas pola policía local a altas horas da madrugada de máis de 45 dB; hai persoas sufrindo serios problemas de saúde. Como consecuencia da concentración de locais nocturnos, as rúas onde viven soportan importantes aglomeracións de persoas ao longo de todas as noites das fins de semana. As consecuencias son os ruídos nocturnos e a sucidade (cristais rotos en todas as rúas, mexos, vómitos nos portais...). Denunciaron a situación ao Concello de Boiro, reclamando o abandono da actitude permisiva que ten cos locais infractores, e que se impida a proliferación de locais nocturnos na zona. Sinalan que a situación empeorou con respecto á de partida; a concesión de licenzas a locais deste tipo continúa e os problemas directos e indirectos provocados por estes vense agravados. Tras múltiples encontros, o Concello anunciou en febreiro que estaba preparando unha ordenanza que, ademais doutras medidas, incluiría o mínimo a manter polos locais de ocio nocturno como requisito para a concesión de licenzas. Sen embargo, a distancia mínima dos locais, un dos aspectos esenciais, foi eliminada da proposta inicial. A redacción final da ordenanza defraudounos, en especial se se ten en conta que existen outros concellos nos que a limitación se dá.

Na segunda queixa indícase que se queixan como veciños afectados polos numerosos pubs, cafés-concerto, *locais de espectáculos de flamenco*, discotecas, etc, que saturan a zona onde viven. Sinalan que están afectados polo ruído que xeran os locais nocturnos existentes e que se verá agravado coa apertura en breve doutros establecementos deste tipo. Remite copia das sinaturas que recolleron (176), así como o xustificante da súa presentación no Concello de Boiro. Consideran que se debería facer un seguimento máis exhaustivo do horario excesivo de apertura dos establecementos. Tamén debería vixiarse que os locais desenvolvan a actividade para a cal solicitaron licenza, posto que son coñecedores de que hai locais que solicitan o tipo de licenza que lle dá maior horario de apertura, cando a súa actividade non se axusta a licenza solicitada; por exemplo, solicitan licenza para *locais de espectáculos de flamenco* e sen embargo están actuando como pubs ou cafés. Existen unha importante cantidade de irregularidades que consideran se están a cometer. Sinalouse que todo o exposto é obxecto doutra queixa “dende hai moitísimo tempo”, cuxos diferentes aspectos aínda non foron obxecto de aclaración definitiva por parte do Concello.

Ante iso solicitamos información ao Concello sobre todos os aspectos mencionados e particularmente sobre os locais da zona; sobre os que non contan con licenza de actividade, incluída a comprobación do art. 34 do RAMINP; sobre a adaptación da actividade a licenza de cada un dos que a teñan (en especial, sobre a non utilización de música e horarios amplos dos simples cafés ou bares); sobre a presenza de persoas consumindo ás portas dos locais, en contra do previsto no decreto 320/2002; e sobre as medidas adoptadas ou previstas. Este requirimento de informe deuse o 22 de setembro de 2006, e despois de varias reiteracións vémonos na obriga de recordar ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Outros requirimentos posteriores tamén se demoraron, o que fixo preciso recordar de novo ao Concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución.

O ente local non respondía a unha parte significativa do obxecto da queixa e por iso requirido a instancia dos afectados. Entre tanto, estes acudiron de novo a institución; recibíronse chamadas telefónicas e escritos sinalando que a situación seguía igual ou peor e urxindo a adopción de medidas. Polo anterior reiteramos a necesidade dunha resposta definitiva e trasladamos o contido das últimas indicacións dos afectados, urxindo a reposta pendente dende hai moito tempo, e recordamos unha vez máis que o artigo 26.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, sinala que “os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e a cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións”. A resposta do Concello foi referida a algúns aspectos particulares expresados polas últimas reclamacións, pero sen aclarar os obxectos da queixa pendentes dende hai tempo. Por tanto, ningún dos dous aspectos centrais da queixa foron finalmente aclarados: o axuste das actividades as licenzas e a relación desta circunstancia cunha posible saturación, e o ruído na rúa.

Antes chegáramos a convocar unha reunión co Concello para explicar o tratamento legal da situación e os datos que aínda non se achegaran para dar conta do adecuado tratamento legal dos problemas obxecto da queixa. O alcalde sinalou que procuraría dar resposta e preguntou se podería facelo por medio de contratación do

traballo, indicándose (o secretario e os representantes da institución) que os principios de autonomía e autoorganización habilitaban para facelo dese xeito; en calquera caso dixo que necesitaba tempo. Ao respecto indicóuselle que xa en setembro de 2008 indicara que en *2 ou 3 meses* o tería feito, e posteriormente que "os procedementos de revisión antes mencionados non estarán completados ata finais do vindeiro mes de xaneiro (de 2009)".

En relación con todo o sinalado ata agora é preciso subliñar, no que se refire ao aspecto formal, é dicir, á obrigada colaboración municipal para o esclarecemento das circunstancias da queixa, que o Concello de Boiro se demorou considerablemente e en diferentes ocasións á hora de remitir as informacións especificamente demandadas, e finalmente só responde a algúns dos aspectos de tipo particular mencionados polos afectados nos seus escritos, pero non aos de tipo xeral, pendentes, como expuxemos, dende hai tempo. Efectivamente, sinálase o realizado en relación con algún local dos mencionados nos últimos escritos dos afectados, o que parece que se aproveita para deixar de mencionar o tratamento xeral demandado. O anterior sucede a pesar de que dende o primeiro intre se determinou con precisión o obxecto da queixa e as cuestións que o ente local debería aclarar para coñecer o axuste da súa actuación ao legalmente previsto; este parece determinado a informar só parcialmente, deixando determinados aspectos fundamentais sen aclaración. Ademais, o propio Concello sinalou expresamente, por escrito e verbalmente, que daría conta dos aspectos pendentes, sinalando para si mesmo prazos xenerosos e que non se correspondían cos legais, pero comprometéndose a realizar a tarefa pendente, ao fin e ao cabo. Ao non facelo acudimos ao Concello, onde de novo se comprometeu, para finalmente non enviar o comprometido, como vemos. Iso sucede a pesar dos moitos requirimentos, do tempo transcorrido dende a primeira comunicación, e aínda da entrevista persoal cos responsables municipais con desprazamento de 3 membros do persoal da institución, no que pretendeu descartase calquera mal entendido respecto do requirido, como así sucedeu.

No aspecto material ou de fondo, sen prexuízo de que o ente local dera conta dalgunhas actuacións de corrección de determinados comportamentos, o certo é que seguen sen aclararse aspectos fundamentais que xa se mencionaban nos primeiros escritos dirixidos ao Concello, o que fai pensar que a actuación neste senso nin se deu nin se ten

intención de que se dea. Neses primeiros escritos aludíase a unha “enorme cantidade de locais de movida nocturna” na zona; ao prexuízo do dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18.1 e 2 CE); a inobservancia das normas case xeneralizada por parte dos moitos locais nocturnos (peche, insonorización, falta de adecuación do uso do local á licenza, etc.); aos grandísimos problemas ocasionados, como marchar da casa; as importantes aglomeracións de persoas ao longo de todas as noites das fins de semana; á sucidade... Sinalábase que “se queixan como veciños afectados polos numerosos pubs, cafés-concerto, *locais de espectáculos de flamenco*, discotecas, etc, que saturan a zona onde viven”, que “debería vixiarse que os locais desenvolvan a actividade para a cal solicitaron licenza”, e que “existen unha importante cantidade de irregularidades que consideran se están a cometer”.

Por tanto, a cuestión obxecto da queixa referíase claramente a problemas particulares referidos a algún local, pero sobre todo a aparente saturación e a contaminación acústica ou ruído xeneralizado provocado en gran parte pola propia saturación. Tamén se mencionaba que debía aclararse a posible presenza de persoas consumindo ás portas dos locais, en contra do previsto no Decreto 320/2002. A pesar do claro da anterior exposición e da nosa insistencia en lograr respostas congruentes co mesmo, o certo é que o Concello non respondeu ao pedido, posto que non se aclaran actuacións respecto do ruído na rúa, aspecto regulado e de responsabilidade municipal, e tampouco se tratou a aparente saturación denunciada polos veciños. Só se mencionaron aspectos particulares dalgúns locais, pero debera descartarse calquera foco difuso de ruído de tratamento municipal, como os que sinalamos.

Efectivamente, o ruído na rúa non se trata, a pesar de que o ordenamento regula o seu tratamento dun xeito claro, tanto se ten a súa orixe no consumo fóra dos locais, no consumo do previamente adquirido á marxe dos locais, ou na presenza dunha zona acusticamente saturada.

Para o primeiro caso, o consumo fóra dos locais do adquirido neles, o art. 12.1 do decreto 320/2002 prevé que os titulares dos establecementos velen para que os usuarios, ao entraren e saíren, non produzan molestias á veciñanza, o que inclúe o consumo de bebidas

fóra do local, que se atopa prohibida, salvo zonas autorizadas ou terrazas (artigo 12.1). Unha das interesadas resaltou que o problema concreto que padecen ela e outros veciños é ese en particular e que o Concello non fixo nada, salvo, despois de moito insistir, a limpeza do que se ensucia comunmente. Na reunión de novo se expuxo iso e se indicou ao alcalde o tratamento legal do asunto; seguimos sen aclaración ao respecto.

No que se refire ao segundo aspecto, o *botellón*, este confirmouse na reunión e loxicamente incide na situación, facéndoa aínda máis gravosa para os prexudicados. Ao respecto o art. 26.5 do Decreto 320/2002 sinala que *"calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos puntos precedentes deste capítulo, que comporte unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conduta cívica normal, será sancionado conforme o establecido neste regulamento"* (artigo 26.5). Pola súa banda, a Lei 37/2003 habilita aos concellos para perseguir estas condutas prexudiciais. Como tratamos nos informes dirixidos ao Parlamento de Galicia, moitos concellos están abordando xa este grave problema.

No que se refire ao tratamento da eventual zona acusticamente saturada, o art. 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *"naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos"*.

En todo exame do cumprimento das garantías legalmente previstas en relación coa protección dos dereitos constitucionais afectados nesta orde é preciso coñecer a presenza dos actos preventivos, as licenzas de actividades, e do cumprimento das súas condicións. Esta necesidade é aínda máis intensa en zonas saturadas, onde con carácter previo a actuacións máis gravosas debe coñecerse se as actividades da zona teñen licenza e se cumpren as condicións desta. O contrario prexudica gravemente os locais que funcionan adecuadamente, que posiblemente son a maioría. Sen ese traballo previo non resulta

posible coñecer se se dan as condicións legalmente previstas para a declaración formal da saturación ou se en cambio se trata da presenza dun significativo número de locais irregulares, que se suman aos regulares e producen esa aparente saturación. Este foi o labor reiteradamente demandado ao Concello, por escrito e na reunión, é dicir, coñecer de forma exhaustiva se os locais da zona funcionaban adecuadamente segundo a súa licenza. O Concello, que unicamente chegou a mencionar os locais e a súa licenza formal, non concretou que se comprobara que funcionaban de acordo co habilitado nelas, que era o que se pedía. Finalmente se comprometeu por escrito (*"malia que non se fixo unha revisión xeral do grao de adaptación das licenzas concedidas ás actividades que se desenvolven neles ..."; "este concello vai levar a cabo a comprobación fáctica de que os locais relacionados, así como outros sitos fóra desta zona, adaptan as súas actividades e instalacións ás condicións previstas nas licenzas das que dispoñen*) e oralmente (na reunión) a proporcionar esa aclaración, o que non tivo lugar.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no anterior RAMINP e agora no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Como acabamos de mencionar, unha das condicións dos locais de ocio autorizados é cumprir co tipo de licenza concedida e por tanto que a súa actividade non

contradiga a natureza dela. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Ao respecto destaca que a denominación café-bar fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música. Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, o intenso tránsito a altas horas da madrugada). Por iso, á hora de abordar os problemas propios da aparente concentración, como é o caso da presente queixa, resulta preciso investigar e, no seu caso, corrixir, os establecementos que se atoparan en circunstancias irregulares, non para sancionalos con peches temporais, senón co fin de impedir o seu funcionamento sen licenza ou dun xeito non habilitado pola que teñen (normalmente porque son simples cafés ou bares e funcionan como pubs ou superiores).

Esta forma de proceder é un *prius* á hora de abordar un suposto de concentración de locais molestos ou de aparente saturación. E se despois de reducir os locais en funcionamento evitando o dos que non o fan de acordo coa correspondente licenza municipal, aínda permaneceran os problemas que definen a saturación (art. 12.2 do Decreto 320/2002), entón o Concello adoptaría as medidas propias desa institución.

Sen embargo, o Concello non acaba de determinar o máis básico, co que impide coñecer se existe a aparente saturación. Se aplicase as medidas do citado art. 12.2 sen previamente determinar o dito, entón prexudicaría gravemente os locais legais, que, como dixemos, posiblemente son a maioría.

É de subliñar que a aplicación ou non do previsto no art. 12.2 do decreto 320/2002 non é algo que se atope a disposición municipal, senón que debe facelo se prodúcense os presupostos previstos no ordenamento ao respecto.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas á non agravar o problema (sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, confirmada polo TS). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de zonas saturadas vén prevista no Decreto 320/2002, que dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Por tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo Concello, que ademais se atopa obrigado a lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun Concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *"vulneradora dalgún dereito fundamental"*.

As disposicións municipais limitadas a non autorizar novas licenzas, como é o caso, nada solucionan se non van acompañadas doutras que permitan aliviar os prexuízos constatados, ou, como di o Decreto 320/2002, *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*. O anterior trátase na citada sentenza do TSX das Illas Baleares, que delimita o alcance da declaración municipal de *zonas acusticamente contaminadas*. Unha asociación de veciños viña denunciando a proliferación de locais e unha gran afluencia de público na zona, ante o que o Concello de Palma acordou la declaración do barrio como *ZAC*, acordo que foi recorrido en vía contencioso-administrativa pola asociación por considerar as medidas adoptadas insuficientes ou ineficaces en orde ao fin último perseguido, a preservación dos seus dereitos. A principal medida aplicada consistiu na prohibición de novas licenzas que incumprisen determinadas distancias, o que non pareceu suficiente aos veciños. A sentenza estima parcialmente o recurso e declara anulables determinados aspectos da decisión municipal. O Concello defendía o carácter discrecional das concretas medidas a aplicar ante a presenza dunha *ZAC*; segundo el, podería elixir entre diferentes opcións. A Sala considerou en cambio que estabamos ante un *concepto xurídico indeterminado* e non ante unha potestade discrecional, e por tal razón entendeu que a única solución xusta era a congruente coa solución do problema, e non a que quixera inxustificadamente o Concello. A medida congruente para corrixir a grave contaminación non é a sinxela limitación de licenzas ou o compromiso municipal de efectuar unha estrita vixilancia; non poden considerarse suficientes para corrixir a situación. O Concello de Palma de Mallorca entendía que actuara de acordo cunha suposta ponderación de intereses, o dereito ao descanso dos veciños e o dereito ao exercicio de actividade económica dos empresarios. Este argumento é con frecuencia utilizado por concellos, e, como sinala a sentenza, debe ser rexeitado. A función da administración non é realizar unha suposta *arbitraxe de intereses*, senón dar efectividade ao principio de legalidade.

A actuación do Concello de Boiro nesta orde, ademais da carencia apuntada, parece referida a dificultar *novos locais*, a pesar dalgunha manifestación expresa noutro sentido. En ningún caso se concreta como se interveu ou se vai intervir dalgún xeito respecto das licenzas regulares presentes. O enfoque municipal pode facer que a situación non empeorara, pero non abordaba a xa existente.

Co anterior defínese a responsabilidade municipal no caso de saturación. Polo que se refire ao ruído na rúa, ademais do previsto nos citados arts. 12.1 e 26.5 do decreto 320/2002, a sentenza do 29 de outubro de 2001, da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Andalucía (sede de Sevilla), tamén promovida por unha asociación de veciños, dá conta da abstención do *Concello de Sevilla* ante a permanencia ata altas horas da madrugada de multitude de persoas nun barrio. Non deu resposta algunha a situación; por iso, a Sala estima que *"se pueden adoptar medidas control adecuadas para evitar el ruido, la venta de bebidas alcohólicas en la calle, la utilización de aquélla como urinario público, los daños al espacio público y sus elementos, y permitir la libre circulación de personas y vehículos, como es una dotación policial adecuada que exija en todo momento el cumplimiento de cuantas normas y ordenanzas estén vigentes en sus estrictos términos. El recurso debe ser estimado porque a la Administración le incumbe en su función de policía el cumplimiento del deber de vigilancia de horarios de cierre, emisión de ruidos de bares, vehículos, etc. y de lo actuado se deduce cierta inactividad que perjudica indudablemente a los vecinos de la zona que han de soportar la incomodidad de acceso a sus viviendas, exceso de ruidos que impiden el descanso nocturno y otras molestias que no tienen el deber jurídico de soportar y que se pueden paliar, si la Administración en el ámbito de su competencia no hace dejación de su función y adopta cuantas medidas sean necesarias para exigir el cumplimiento de la ley haciendo posible que el ejercicio de un derecho por parte de un sector de población no menoscabe los derechos de los vecinos de la zona en la que se concentran. Ciertamente dichas medidas resultan impopulares y pueden tener un coste electoral por parte del sector afectado pero no hay que olvidar que la Administración, como proclama el articulo 103 de la Constitución, debe servir con objetividad los intereses generales con sometimiento pleno a la ley y al derecho, así como a los fines que la justifican (artículo 106 de la Constitución)."* A sentenza estima o recurso e obriga o concello a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos.

Así pois, as carencias sinaladas na actividade do Concello de Boiro supoñen unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras

necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente".

Debe subliñarse que a desatención afecta a dereitos fundamentais ou especialmente protexidos. Tanto as sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (Powell e Rayner contra o Reino Unido; López Ostra contra España; Guerra e outra contra Italia; Hatton e outros contra o Reino Unido...), como a xurisprudencia constitucional española resaltan esta circunstancia desde hai tempo. A sentenza do Tribunal Constitucional 119/2001, do 24 de maio, sinala que "*una exposición prolongada a unos determinados niveles de ruido, que puedan objetivamente calificarse como evitables e insoportables, ha de merecer la protección dispensada al derecho fundamental a la intimidad personal y familiar, en el ámbito domiciliario, en la medida en que impidan o dificulten gravemente el libre desarrollo de la personalidad, siempre y cuando la lesión o menoscabo provenga de actos u omisiones de entes públicos a los que sea imputable la lesión producida*". Tamén a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de marzo de 2002 resalta a vinculación dos problemas de contaminación acústica con algún dereito fundamental, e sinala que, no contexto da realidade social actual, o problema da exposición a ruídos excesivos non é "un aspecto que poida considerarse superficial ou pouco importante no tratamento xurídico-administrativo das actividades hoxe habitualmente denominadas xenericamente como clasificadas (...). Para poñer de relevo a transcendencia do ben xurídico cuxa protección está en xogo, basta con recordar a importancia que a xurisprudencia constitucional e europea de dereitos humanos atribúen as actividades desta natureza."

As desatencións as funcións municipais mencionadas poden xerar responsabilidade patrimonial. A sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002 resulta unha boa mostra do recoñecemento da responsabilidade patrimonial dos entes locais nos supostos en que se constate unha insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma outra do TSX de Castela-A Mancha na que se condenara un concello ao

aboamento dunha indemnización como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos.

Despois de tanto tempo dende o inicio da queixa debe concluírse que o Concello non aclarou os concretos extremos que mencionamos. Convén sinalar que os cidadáns que promoveron as queixas están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2) e na Convención Europea de Dereitos Humanos (art. 8), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Boiro adoptou algunhas, pero non todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente, que por iso poden estar sendo obxecto de menoscabo pola actividade dos establecementos e a abstención en parte do propio Concello. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento deste problema, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar claramente a cuestión, sendo isto perfectamente posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Boiro o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Que con urxencia se proceda a dar cumprimento ás responsabilidades municipais non aclaradas no seo do presente expediente en relación á contaminacións acústica que sofren os numerosos veciños que acudiron a esta institución co fin de que se preserven os seus dereitos fundamentais prexudicados pola actuación ou abstención do ente local, especialmente o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 1 e 2 CE).

Que en relación co ruído na rúa se dea estrito cumprimento ao previsto nos artigos 12.1 e 26.5 do Decreto 320/2002, de tal forma que non se consuma na rúa o adquirido en locais de ocio ou o adquirido previamente en establecementos comerciais ordinarios (botellón).

Que en relación cos controis preventivos dos establecementos se determine con precisión e de forma exhaustiva se os numerosos locais obxecto da queixa, mencionados polo propio ente local, axustan a súa forma de funcionar ao habilitado para cada un deles na súa correspondente licenza de funcionamento.

Que, logo de realizar o labor mencionado no parágrafo anterior e corrixidos os locais que non se axusten ao previsto na súa licenza, se aínda así continúan os prexuízos definidos no art. 12.2 do Decreto 320/2002, o que debería comprobarse, entón de inmediato se proceda a declarar a zona como acusticamente saturada, de acordo co previsto no citado artigo, e que se adopten con urxencia todas as medidas adecuadas para reconducir a situación, tamén de acordo co previsto”.

Respostas do Concello de Boiro: recordatorios de deberes legais pendentes de efectividade.

3.- Recomendación dirixida ao Alcalde de Muros o 17 de novembro de 2009 debido ás molestias e prexuízos ocasionados polo funcionamento dun local de ocio (Q/1147/2009).

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.A.G.P. relativo ás molestias e prexuízos ocasionados polo funcionamento dun local de ocio en Muros.

Anteriormente coñecéramos as queixas C.6.Q/944/03 e C.6.Q/583/09, e da última comunicación municipal deducimos que, no relativo á persistencia dos prexuízos e molestias, o Concello unicamente sinalaba que "adoptará as medidas que legal e regulamentariamente procedan", sen concretar. A obxección posta de relevo na queixa era que o Concello non comprobaba as reiteradas infraccións porque non envía a técnicos ou policías locais para medir os ruídos continuos e así evitalos definitivamente, valorando a súa reincidencia, impoñendo multas máis cuantiosas ou pechando o local. Confirmábase a falta de actuación eficaz do ente local, e iso pretendíase desculpar pola falta de medios e pola presenza de ruído na rúa. En calquera caso, o Concello sinalaba que *"para facer fronte a esta situación, sen que en ningún caso se obvie o control e supervisión das fontes de ruído denunciadas polos veciños, déronse as instrucións pertinentes á Policía Local"*, co que era de esperar que definitivamente se dera cumprimento estrito a obriga legal municipal que mencionamos e o ente local realice comprobacións de ruído cantas veces se requiran polos afectados polo medio que consideren, incluídas as denuncias telefónicas; que as comprobacións se realicen no preciso momento en que se demandan; que no seu caso se inicien os procedementos correspondentes e se impoñan as sancións que se deduzan deles; e que se evitara o ruído na rúa vinculado ou non aos establecementos (art. 12 decreto 320/2002, no primeiro caso, e art. 26 no segundo). Pero o interesado acudiu de novo a institución para indicar que a pesar do moito tempo transcorrido dende as primeiras queixas, aínda continúan as molestias desproporcionadas procedentes do local *J.N.*

Ante iso solicitamos información ao Concello de Muros, que recentemente sinalou o seguinte:

*“**Primeiro.-** O Concello de Muros, tal e como se lle deu conta por medio do informe de data 10 de xuño do corrente, é consciente da problemática existente ao redor da actividade do local "Pub J.N.". Como se indicou no seu momento, por mor das denuncias existentes o concello instruíu e resolveu un expediente sancionador por infracción da normativa de ruídos, impoñéndolle ao propietario do referido local unha multa de 1500 euros, na actualidade en vía de prema para o seu cobro. **Segundo.-** Reitérase que, non dispoñendo o Concello de Muros de medios técnicos axeitados para levar a cabo as funcións inspectoras e véndose constrinxido nas súas dispoñibilidades orzamentarias para dotarse deles ou recorrer á externalización destas funcións, procedeu a darlle as instrucións precisas á Policía Local para o control das fontes de ruído. **Terceiro.-** Do mesmo xeito, o Concello de Muros reitera que, ademais dos establecementos de ocio nocturno, unha fonte importante de ruídos e contaminación acústica son as aglomeracións de persoas nas inmediacións do local "Pub J.N.", aspecto este de difícil control para unha entidade local que conta cun número de efectivos policiais reducido. Pois resulta obvio que só temporalmente resultaría posible destinar a totalidade de efectivos policiais a funcións de control das aglomeracións de mozos na zona onde se sitúa o local. **Cuarto.-** O Concello de Muros é, tal e como xa se indicou, consciente das negativas implicacións do problema dos ruídos e, de feito, boa proba é que na actualidade, en todo o termo municipal unicamente persiste este problema co "Pub J.N.". Como xa se apuntou, a precariedade de recursos materiais e persoais limita as posibilidade de actuación neste campo. Non obstante, como o Valedor do Pobo sinalou nas súas comunicacións, é obriga dos concellos dotarse destes medios, polo que o Concello de Muros vai introducir as previsións orzamentarias necesarias para dotarse dos medios técnicos e materiais precisos”.*

Así pois, a última resposta municipal de novo deixa sen aclarar a actuación municipal para atallar definitivamente a irregularidade recoñecida. Efectivamente, antes sinalábase que *para facer fronte a esta situación, sen que en ningún caso se obvie o control e supervisión das fontes de ruído denunciadas polos veciños, déronse as instrucións pertinentes á Policía Local,* e agora sinálase que *vai introducir as previsións orzamentarias necesarias para dotarse dos medios técnicos e materiais precisos.* Antes era cuestión de que a policía acudira, o que pode facerse a través de múltiples fórmulas, entre

elas a comisión de servizo correspondente, pero agora xa parece tratarse dunha suposta carencia de medios técnicos e materiais, que resulta fácil de emendar; ao respecto é de sinalar que o problema se coñece dende hai moitísimo tempo. O anterior prodúcese a pesar de que o problema se trata co Concello dende hai moitísimo tempo, en concreto dende 2003, e de que, como se subliñou, o ente local indicara xa no 2008 que *a policía local deste Concello ten orde de controlar o funcionamento de todos os establecementos, incluído o pub D., polo que ante calquera irregularidade se adoptarán as medidas oportunas.* O problema, como dixemos, é que as irregularidades non se controlan permanentemente para aplicar as consecuencias da reiteración das condutas irregulares e non se actúa en consecuencia, como recoñece o ente local.

Por tanto, o Concello non comproba o nivel de ruído transmitido e non pode descartar que estean a darse os prexuízos e molestias que son obxecto de denuncias e queixas dende hai tempo. O único que sinala dende hai moito tempo para desculpar tal cousa é que non dispón de medios. Loxicamente, a carencia de medios non pode xustificar a falta dunha actuación eficaz por parte do Concello, posto que esa suposta carencia non desvirtúa a obriga municipal ao respecto. En caso de contar con medios escasos ou limitados para abordar a función, o Concello debera habilitalos de forma extraordinaria, utilizando o medio que considere máis adecuado (servizos especiais da policía ou os técnicos, contratación do servizo, etc.), sen que en ningún caso poida considerarse adecuada a non realización das comprobacións, que teñen carácter preceptivo. Efectivamente, o artigo 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". As medicións habería que facelas no preciso momento en que se están dando as molestias, isto é, pola noite, no momento en que os afectados denuncian que as están sufrindo, e non esperando a outro día para facer unha medición noutras circunstancias; e deberan facerse cantas sexan necesarias, de acordo co previsto no citado artigo.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961

(Decreto 2.414/1961). A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Por outra banda, o ente local parece indicar que gran parte do problema provén do ruído xerado polas persoas situadas no exterior do local, sen concretar se están consumindo o adquirido no local, o adquirido noutros establecementos comerciais, ou sinxelamente se atopan congregados alí a altas horas da madrugada e molestando os veciños que tentar durmir ou descansar. Ao respecto sinala que *unha fonte importante de ruídos e contaminación acústica son as aglomeracións de persoas nas inmediacións do local, aspecto este de difícil control para unha entidade local que conta cun número de efectivos policiais reducido.*

Sen embargo, o artigo 12 do decreto 320/2002, de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, sinala que *"os titulares dos establecementos serán responsables de velar por que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados..."*. Para supostos diferentes, é dicir, consumo no adquirido no local ou molestias xenéricas, o mesmo decreto establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *"será sancionado conforme o establecido neste regulamento"* (artigo 26.5). Parece claro que esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais,

ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. Facer cumprir as previsións indicadas é función municipal, como veremos a continuación.

Así pois, despois de moito tempo desde as denuncias e as queixas, o Concello limitouse a mencionar as súas carencias para corrixir a situación. O anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas; das que se mencionan na citada Lei 7/1997, e do previsto no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

Convén sinalar que o cidadán que promoveu a queixa está a demandar a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda do afectado, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que poden estar sendo obxecto de menoscabo pola actividade dos establecementos e do propio concello. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar a cuestión, sendo isto

perfectamente posible sen que previsiblemente o concello se encontrase con dificultades importantes.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Muros a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se evite o ruído procedente da rúa debido á concentración de persoas no exterior do local, en aplicación do previsto nos arts. 12.1 e 26.5 do decreto 320/2002, e que, corrixido o anterior, tamén con urxencia se realicen cantas medicións sexan precisas para coñecer o nivel de ruído transmitido polo local á vivenda dos prexudicados, e que as ditas medicións se fagan no preciso momento en que estes chamen denunciando as supostas infraccións".

Resposta do Concello de Muros: recomendación pendente de efectividade.